

# CORAL POLÍFONICA DE RIBADEO



A Coral Polifónica de Ribadeo foi fundada en 1955, o que a converte na decana da provincia de Lugo.

Desde o mesmo día da súa presentación estivo dirixida por D. Carlos Álvarez Fernández-Cid ata 1984, ano do seu falecemento. A partir desa data a dirección atópase baixo a batuta de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Cancelo, mestra e profesora de música, titulada polo Real Conservatorio de Música de Madrid.

A Coral conta cun amplo repertorio no que se inclúen obras clásicas, relixiosas, populares e actuais, tanto españolas como doutros países, especialmente iberoamericanos. Na actualidade conta cunhas 50 voces mixtas que reflicten, polas súas idades, a tradición, o presente e o futuro.

A polifónica de Ribadeo apadriñou ás corais de Viveiro, Sober e á Coral de La Asociación de Amigos del Camino de Santiago, de Lugo, nos seus concertos de presentación. Realizou actuacións en numerosas vilas e cidades de Galicia e Asturias, e tamén en Astorga, Algemés, San Sebastián, Barcelona, Sabadell, Jaén, Marbella, Laredo, Los Corrales de Buelna, Madrid, Valladolid, Logroño, León, Boadilla del Monte, Candeleda (Ávila) e en Portugal (Lisboa, Santa María da Feira, Águeda, Barcelos e Gouveia).

En diversas ocasións actuou conxuntamente con agrupacións instrumentais da vila: Banda Municipal, Grupo de Gaitas, Rondalla, Grupos de

Percusión, de Música de Cámara, de rock, así como coa Orquestra de Acordeones de La Caridad (Asturias), Orquestra Sinfónica de Xove, Orquestra de Corda do Conservatorio de Lugo e co grupo vasco Tirri Tarra, co que interpretou a cantata Luz Negra.

Colabora habitualmente coa Coral a pianista Carmen Álvarez Lebreo.

Ten Publicados 2 CD: *Nos mares da música*, en 2002, e *Legado indiano*, neste 2018, no que se inclúen habaneras ribadenses non gravadas ata o momento.

O Concello concedeulle a "Medalla de Ouro de Ribadeo", no ano 2006, con motivo do seu 50.<sup>o</sup> aniversario e a Asociación de Radio e Televisión de Lugo outorgoulle o premio "Lucense do ano, 2006".

A Coral Polifónica de Ribadeo, uns humildes intermediarios entre o compositor e o público, da vida, dentro da súa faceta de afeccionados, á linguaxe musical co máis fermoso, expresivo e cercano instrumento musical de natureza: a voz.

## REPERTORIO:

- **Iparadisi**  
Tradicional (South Africam)
- **Lasc'ia qu'io pianga** (de "Rinaldo")  
Haendel
- **Plegaria a un labrador**  
Victor Jara /Harm. Eli García-Bouso
- **Contos do mar**  
Prudencio Romo
- **Negro bembón**  
Eliseo Negret / V.C. Electo Silva  
(Solista: Marta Castelao)
- **Unha noite na eira do trigo**  
C. Enríquez / J. Castro "Chané"
- **Yo te diré**  
J. Halpern / Arr: Hernán Naval

**Pianista:** Carmen Álvarez Lebreo

**Directora:** M<sup>a</sup> Carmen Rodríguez Cancelo

# ENCONTRO CORAL GALEGO 2018

**CANTAR DELAS, DE LUGO**  
**CORAL POLIFÓNICA DE RIBADEO**  
**CONXUNTO VOCAL LUGH-XUNGALU**

**10 de Novembro de 2018**

**Lugar:**  
**Iglesia Parroquial Santiago A Nova**

**Hora:**  
**20:00 h. (oito da noite) Misa cantada polas tres corais**  
**20:30 h. (ocho e media da noite) Comezo do concerto**

**Colaboran:**

**XUNGALU**  
Asociación Cultural-Deportiva

Edificio Administrativo. Ronda da Muralla, 70  
Teléf. 982 29 42 28 - Fax: 982 29 42 38 - 27003 LUGO

**IGLESIA PARROQUIAL  
SANTIAGO**  
**A NOVA**





A participación no **festival de música cidade de Lugo** en maio de 2018 na sección de Producción Local: "Tributo a Montes"

Concertos con **diferentes núcleos temáticos**: o amor e desamor, música galega, percorrido pola música dende a idade media ata a actualidade...

Salientamos, pola súa orixinalidade, o concerto no que se interpretou **música e literatura** coa

lectura de textos literarios que gardan algunha relación coas pezas do repertorio.

Asemade ten participado en diferentes **efemérides** organizadas polo **Concello de Lugo** e por outros organismos privados: Día das Letras Galegas, Día Internacional contra a Violencia de xénero, S. Valentín...

### REPERTORIO:

#### J. Montes

- Veni creator
- Unha flor a María
- Motete al Altísimo (Ego sum panis)
- Pangué lingua
- Misa sencilla para niños
  - Gloria
  - Agnus Dei
- En Belén ahí moita festa

**Cantar Delas** é o único grupo coral de voces brancas da provincia de Lugo e agrupa a 30 voces femininas dirixidas por **Fernando Gómez Jácome**. Celebrou o seu primeiro concerto en maio de 2008 e o longo destes anos levou a cabo importantes proxectos culturais e musicais entre os que salientamos:

A preparación e interpretación coa orquestra de Xove do **Stabat Mater de Pergolesi** en diferentes localidades da provincia.

A preparación e interpretación, xunto co grupo tondal, das **Cantigas de Martím Codax** e **Cantigas de Santa María de Afonso X, O Sabio**, en diferentes localidades da provincia.

A preparación e interpretación, xunto cos coros Lugh, Hospital e Sólo Voces, acompañados polo pianista Aurelio Chao, de **pezas de Zarzuela e ópera** con grande éxito de público na nosa cidade.



## CONXUNTO VOCAL LUGH

O **Conxunto Vocal Lugh** fundouse no seo da Asociación de Funcionarios da Xunta de Galicia de Lugo (**XUNGALU**) no ano 1999. Dende a súa creación, este coro dirixiello **Fernando Gómez Jácome**.

No devir destes 19 anos e existencia, leva dados máis de cen concertos en lugares moi diversos de Lugo, da súa provincia e do resto de Galicia. E tamén conta con actuacións fóra do territorio galego: Ponferrada (León), Comillas (Cantabria),

Oviedo, Madrid, Íscar (Valladolid), Ermua (Biscaina), Gijón e Turón (Asturias), Porto (Portugal) e Boadilla del Monte (Madrid).

A pesares da humildade que caracteriza a este grupo, ten desenvolvido varios proxectos que lle axudaron a medrar como coro. Algúns exemplos:

- No ano 2005, **Misa para as Romerías Galegas**: misa composta polo **pai Feijoo**.
- No ano 2006 puxo en escena a que se cre que é a primeira zarzuela escrita en galego: **Non chores, Sabeliña**, da que son autores os lugueses **José Trapero Pardo** (libreto) e **Gustavo Freire** (música)
- Tamén participou no ano 2009 no **140 aniversario da Banda Municipal de Lugo**.
- Polas Festas do Corpus do ano 2010, en colaboración co Orfeón Lucense, estreou na catedral de Lugo a misa **Sacramentum Caritatis**, composta polo cóengo e organista da catedral don **José Molejón**.



• E sería no outono de 2014, coincidindo co XV aniversario da súa creación, cando Lugh cruzou por primeira vez as fronteiras do Estado español para actuar en Porto.

• En datas máis recentes, Lugh compartiu escenario con corais tan recoñecidas como El Eco de A Coruña e o coro Luigi Boccherini de Boadilla del Monte (Madrid).

• No ano 2016, en colaboración con Cantar Delas, Coro de Hospital e Sólo Voces, participou nun ambicioso proxecto: **Unha viaxe musical pola ópera e a zarzuela**.

• No ano 2017, no mes das Letras Galegas, estreou **O Carro** (Manuel María/Baldomero Iglesias, "Mero") na palleira (Hoxe auditorio) da na propia Casa-Museo de Manuel María.

• Tamén, no 2017, convidado pola Coral e Banda de Música de Solfa, de Santiago, Lugh actuou na Praza das Praterías nun concerto conxunto coa coral amiga compostelá.

• Nos anos 2017 e 2018 Lugh colaborou na organización e participou no concerto multicoral ofrecido pola maioría de coros da cidade da muralla para celebrar o Día das Letras Galegas. Estes concertos teñen por obxectivo honrar os e as poetas e músicos galegos e acadaron gran éxito de participación e de público.

No seu, xa, amplo repertorio figuran pezas de épocas, de lugares e de estilos moi diversos; pero, sempre, a música galega ocupa un lugar moi importante. E, cabe salientarlle, ademais, a particularidade de que conta con varias cancións

propias, compostas polo seu director, Fernando Gómez Jácome, quen llen puxo música a algúns poemas de integrantes deste coro.

### Repertorio:

- **Mas vale tocar** (J. del Encina)
- **Un cavalier de Spagna** (F. Patavino)
- **Por unos puertos arriba** (A. Ribera)
- **Il bianco e dolce cigno** (J. Arcadelt)
- **Nesta rúa** (folk. Brasil / Adelino Martins)
- **Amencer** (espiritual / Stephen C. Foster / letra Toño Núñez)
- **Ev'ry time** (espiritual / H. Tihlmann)